



A CIDADE



"Vista aérea da Coruña" (Cqui CC BY-SA 3.0)



ÍNDICE

A CIDADE


A CIDADE.....	3
1. CARACTERÍSTICAS E EVOLUCIÓN DO CRECEMENTO URBANO E RURAL.....	1
1.1 O proceso de urbanización.....	1
1.2 Evolución histórica da urbanización.....	1
1.3 O rural.....	2
2. A CIDADE NO SEU TERRITORIO: O SISTEMA URBANO ESPAÑOL E GALEGO.....	4
2.2 O poboamento rural e urbano en Galicia.....	4
3. O CRECEMENTO URBANO SOSTIBLE.....	6
<i>Exercicios</i>	7
SOLUCIÓNS.....	8

A CIDADE

Segundo a Real Academia Galega, a **cidade** é “un asentamento humano de maior entidade ca a vila, cun elevado número de habitantes e alta densidade de poboación, dedicada principalmente aos sectores secundario e terciario”.

Pero esta definición deixa moitas posibilidades e non ten a precisión que necesitamos en **xeografía**. Polo tanto, temos que definir e cuantificar unha serie de **criterios** que nos poden axudar a diferenciala do que non é cidade, como son:

- **O número de habitantes.** Que varía segundo o país. En España, o INE cifrao en 10.000 habitantes.
- **O traballo dos seus habitantes.** Dedicados aos sectores terciario e secundario. Non agrícolas (primarios).
- **A densidade de poboación.** Alta.
- **A morfoloxía externa** que a diferencia do rural, con prazas, rúas, edificios...
- **As funcións**, como espazo de intercambios comerciais, banca, administrativo, político, cultural. “A cidade abastécese desde fóra” Casas Torres.
- **O modo de vida**, “cultura urbana”.
- **Carácter de intercomunicador.** Pon en relación a área circundante.



“A Coruña hoxe dende o monte de S. Pedro” (Diego Delso CC BY-SA 4.0)



1. CARACTERÍSTICAS E EVOLUCIÓN DO CRECEMENTO URBANO E RURAL

O **asentamento humano** nun territorio pode ser:

- **Poboamento rural.** Dedicado a tarefas agrícolas e gandeiras, a poboación concéntrase en pequenos núcleos como vilas e aldeas ou dispersos en pequenas explotacións. Ata o século XX a maioría da poboación vivía en zonas rurais.
- **Poboamento urbano.** É un proceso iniciado na antigüidade. Está formado por cidades que posúen un elevado número de habitantes.

1.1 O proceso de urbanización

Vén marcado por unha serie de transformacións consecuencia de distintos factores:

- **A cidade é un foco de atracción.** Debido a que oferta: actividade comercial, emprego, mercados, concentración da poboación e maior organización e, en moitos casos, maiores servizos. Isto produce unha evolución histórica da urbanización.

1.2 Evolución histórica da urbanización

Este proceso ten unha **evolución histórica** que podemos diferenciar en tres **etapas**:

- **A cidade preindustrial.** Os *primeiros asentamentos* son do 5.500-3.000 a.C e prodúcese a raíz da especialización do traballo e da mellora técnica que dinamiza o comercio. Danse na zona dos grandes ríos Tigris, Éufrates e Nilo. Estas cidades organízanse arredor do palacio-templo, que é o centro do poder. Cidades coma Babilonia, Ur, Uruk.

Logo destacan as *polis gregas*. Amuralladas e organizadas arredor da acrópole e da ágora. Con plano irregular e limitadas polas defensas. Cidades coma Atenas ou Rodas.

As *cidades romanas* organízanse cun plano regular arredor dun eixe *cardus-decumanus*, contan cun elevado nivel de servizos públicos como sumidoiros, auga potable, calzadas, teatros, circos... Cidades coma Mérida ou Roma.

As *cidades medievais* serán irregulares, rodeadas de murallas altas e delgadas, e organizadas arredor de castelos e da igrexa. Non conservarán o nivel das cidades romanas en servizos. Cidades coma Santiago de Compostela ou Ribadavia.

As *cidades da Idade Moderna* volven ao plano regular aínda que mantendo as defensas, pero estas xa se adaptarán aos novos métodos militares (artillaría) con formas de estrela (Palmanova) e muros máis baixos e grosos. Serán tamén a carta de presentación das monarquías absolutas da Idade Moderna e, por tanto, adornaranse con fontes, bulevares e pazos. Destacan cidades como Madrid ou Salamanca.

- **A cidade industrial.** Desde a segunda metade do século XVIII e no século XIX, grazas á Revolución Industrial e á Revolución Francesa, o urbanismo dinamízase debido ao novo modelo económico e social que traen o capitalismo e o liberalismo.

O crecemento das cidades será exponencial xa que ofertaban traballo e mellor medio de vida que no campo. Empeza así o fenómeno do *éxodo rural*. Isto obriga a construír moito e rápido, mellorando as técnicas e os materiais (a madeira substitúese polo ladrillo e introdúcese o cemento e o aceiro, que permitirá construír en altura). Será a época dos ensanches das cidades que arrasarán coas murallas medievais (caso de Pontevedra). Ademais, iranse dotando de servizos como auga, sumidoiros, pavimento, electricidade, recollida de lixo, transporte público e seguridade. Aínda que isto non é un fenómeno igual en todas as cidades (nin sequera hoxe).

- **A cidade postindustrial.** A partir da segunda metade do século XX as cidades fagocitan os seus arredores e convértense en cidades enormes, chegando mesmo a converterse en *megacidades* (máis de 10 millóns de habitantes: Toquio).



"Toquio con 38 millóns de habitantes" (Yodalica, CC BY-SA 4.0 International)

Estas **novas formas de poboamento urbano** pódense reducir a tres, que son:

- *Áreas metropolitanas.* Cidades interconectadas cos seus arredores. Madrid.
- *Conurbacións.* Conxunto de cidades independentes pero moi próximas.
- *Megalópolis.* Une os modelos anteriores e forman unha xigantesca área urbana. Por exemplo a área de Nova York.

Actualmente estímase que o 56 % da poboación mundial vive en cidades.

1.3 O rural

Defínese **rural** como "pertencente ou relativo á vida no campo e a todas aquelas actividades relacionadas coa agricultura".

Esta definición hoxe en día non se nos adapta do todo á nova realidade da xeografía, xa que é moi frecuente que moitos habitantes da zona rural non traballen no sector primario (agricultura) senón que teñan traballos do sector terciario e mesmo do secundario, son os chamados: **neorrurais**. Moitos artesáns volven ao campo para montar os seus obradoiros (oleiros, zoqueiros, téxtiles ...). Así mesmo, moita xente, grazas á mellora nas comunicacións tanto físicas (estradas) coma da rede (internet, telefonía), pode vivir no campo e traballar na cidade. Esta tendencia empezou nos anos 60 no centro de Europa e chegou a finais de século a España. Acentuouse de forma clara durante a pandemia da covid19. Agora segue cada vez máis arraigada sobre todo nas áreas máis preto das cidades

e vilas onde poden obter os servizos necesarios para a vida actual sen longos desprazamentos.

A xente que vive e traballa o campo son os grandes esquecidos. Son os que traballan sen descanso porque os animais domésticos e a agricultura non teñen festivos. Xeralmente, nos países desenvolvidos, teñen unha **poboación envellecida** e moitas veces sen remuda xeracional. Ademais, contan cun **nivel de servizos insuficiente** que fai que a xente nova non queira manterse nestas condicións. Polo que urxe valorar adecuadamente o seu traballo con medidas de apoio social que fagan **rendible** esta actividade e non, como en moitos casos agora, en mans de intermediarios.

A súa actividade **modela a paisaxe**, é unha actividade que **forma parte do noso acervo cultural** e en moitos casos ponse en cuestión desde e por persoas alleas que non coñecen a realidade do campo e das súas actividades.

Por outro lado, está a implementación de novas técnicas que lles permiten aos traballadores do campo mellorar os seus rendementos e a súa calidade de vida, como por exemplo a **tecnificación**, aínda que en moitos casos os prezos son prohibitivos ou pouco respectuosos coa natureza.

Outra grande ameaza para o rural é a **incursión das grandes multinacionais** agroalimentarias e pasteiras que, co seu poder económico e político, fan auténticas fábricas de producir comida ou produtos que nalgúns casos provoca litixios coa poboación local. Como por exemplo, as macrogranxas e as celulosas.



"Fábrica de celulosas Ence desde Lourido (Poio). Lourizán, Pontevedra, Galicia"(Juan Mejuto, contido libre)

Os traballadores do campo son os que abastecen de comida as cidades, eles son imprescindibles para a supervivencia do noso rural e de todos, polo tanto temos que coidalos.



2. A CIDADE NO SEU TERRITORIO: O SISTEMA URBANO ESPAÑOL E GALEGO

O **sistema urbano español** é un reflexo do proceso de urbanización europeo e, polo tanto, ten problemas semellantes como a contaminación, os prezos, o tráfico, o crecemento descontrolado... Para mellorar isto, desde finais do século XX empezan a proxectarse os **plans urbanísticos** para cada cidade, buscando a mellor adecuación ao medio.

En España, as cidades establecen entre elas unha **xerarquía** dependendo do seu rango, que vén marcado polo seu número de habitantes, as funcións que desempeña e a súa área de influencia.

Temos dúas cidades de máis dun millón de habitantes, Madrid e Barcelona, logo catro de máis de medio millón, Valencia, Sevilla, Zaragoza e Málaga. Elas son as que asumen maiores funcións, xa sexan administrativas, políticas, comerciais, culturais...

As principais cidades españolas están repartidas pola periferia peninsular, agás **Madrid**, que o centraliza todo. Destacan os **seguintes eixes urbanos**:

- **O eixe atlántico.** Vigo-A Coruña.
- **O eixe cantábrico.** Xixón, Bilbao, San Sebastián.
- **O eixe do val do Ebro.** Zaragoza ponte País Vasco-Levante.
- **O eixe mediterráneo.** Barcelona-Valencia.
- **O eixe andaluz.** Sevilla-Málaga.

2.2 O poboamento rural e urbano en Galicia

Galicia ten un poboamento caracterizado pola súa dispersión. Organizámonos arredor de núcleos rurais moi pequenos, como:

- **A aldea.** Menos de 100 habitantes e en moitos casos divididos en **lugares**.
- **A parroquia.** Agrupamento tradicional ao redor da igrexa parroquial (herdanza sueva).

Medianos, como:

- **A vila.** Pequenos pobos que fan de capital da comarca.

Con xerarquía (para Galicia).

- Cinco **ciudades medianas**: Ourense, Lugo, Pontevedra, Santiago e Ferrol.
- Dúas **ciudades eixe**: A Coruña e Vigo.

Aínda así, Galicia ten unha **taxa da urbanización** inferior á media española e europea: Galicia 66 % , España +81 % , Europa +70 %.



"Hábitat disperso do norte de España" (LordRunar, contido libre)

3. O CRECEMENTO URBANO SOSTIBLE

As cidades actúan como *organismos vivos*, nacen, medran e morren. Pero durante todo ese proceso consomen. *Consomen moito e de todo*, pero principalmente auga, o consumo medio é en España de 142 litros por persoa e día, mentres que en Pontevedra é de 114 litros por persoa e día. Como vemos, as posibilidades de mellora son reais. Tamén *producen moito po e residuos*, que forman parte do *metabolismo urbano*. Xa hai algún tempo que se busca, a través de políticas proactivas, xerar cada vez menos residuos, reducir o lixo, o consumo de auga, a contaminación e outros males. Desde a Unión Europea fanse plans de loita contra estes problemas. Actualmente, estas políticas céntranse na redución do consumo de enerxía fósil, dinamizando o transporte urbano, os rueiros peonís, os carrís bici, as enerxías alternativas, a eficiencia enerxética, as zonas de baixas emisións, e toda unha serie de limitacións ao tráfico rodado (etiquetas DXT), pero aínda queda moito por facer.

Por iso o crecemento urbano sostible ten unha serie de características básicas que hai que acadar, están recollidas na:

- Carta das cidades europeas cara a sostibilidade (Carta de Aalborg 1994)

- + Noción e principios de sostibilidade.
- + Estratexias locais cara á sostibilidade.
- + A sostibilidade como proceso creativo local na procura do equilibrio.
- + Resolución de problemas mediante negociacións abertas.
- + Xustiza social para a sostibilidade urbana.
- + Pautas sostibles de usos do solo.
- + Pautas de mobilidade urbana sostible.
- + Responsabilidade do cambio climático global.
- + Prevención da intoxicación dos ecosistemas.
- + A autoxestión do ámbito local como condición necesaria.
- + O protagonismo dos cidadáns e a participación da comunidade.
- + Instrumentos e ferramentas para a xestión urbana orientada cara á sostibilidade.



EXERCICIOS

Exercicio 1

Cales son os criterios que axudan a diferenciar que é unha cidade?

Exercicio 2

O asentamento humano nun territorio pode ser...

Exercicio 3

A evolución histórica da urbanización divídese en tres etapas que son...

Exercicio 4

Que novas formas de poboamento urbano podemos destacar?

Exercicio 5

Quen son actualmente os habitantes do rural?

Exercicio 6

As cidades españolas están organizadas en seis eixes, cales son?

Exercicio 7

En Galicia organizamos o territorio arredor de cinco entidades, cales son?

Exercicio 8

Di tres posibles melloras que poderías facer na túa vida para ter un fogar máis sostible?



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

Cales son os criterios que axudan a diferenciar que é unha cidade?

- **O número de habitantes.**
- **O traballo dos seus habitantes.**
- **A densidade de poboación.**
- **A morfoloxía externa.**
- **As funcións.**
- **O modo de vida.**
- **O carácter de intercomunicador.**

Exercicio 2

O asentamento humano nun territorio pode ser...

- **Urbano e rural.**

Exercicio 3

A evolución histórica da urbanización divídese en tres etapas, que son...

- **As cidades preindustrial, industrial e postindustrial.**

Exercicio 4

Que novas formas de poboamento urbano podemos destacar?

- **Áreas metropolitanas.**
- **Conurbacións.**
- **Megalópoles.**

Exercicio 5

Quen son actualmente os habitantes do rural?

- **Os que se dedican ao sector primario e os neorrurais.**



Exercicio 6

As cidades españolas están organizadas en seis eixes, cales son?

- O eixe atlántico.
- O eixe cantábrico.
- O eixe do val do Ebro.
- O eixe mediterráneo.
- O eixe andaluz.
- O central de Madrid.

Exercicio 7

En Galicia organizamos o territorio ao redor de cinco entidades, cales son?

- A aldea cos lugares.
- A parroquia.
- A vila.
- O eixe A Coruña-Vigo.
- As cinco cidades galegas: Ourense, Lugo, Pontevedra, Santiago e Ferrol.

Exercicio 8

Di tres posibles melloras que poderías facer na túa vida para ter un fogar máis sostible?

- Temos varias posibilidades:

1. Reducir o consumo de auga pechando as billas rapidamente, ou darse unha ducha na vez dun baño.
2. Reciclando ben o lixo.
3. Mellorando o illamento da casa para non malgastar calefacción...